

MIGUEL ÁNGEL BLANCO, FILLO DE GALICIA

SINOPSE

Neste programa facemos un repaso á aínda descoñecida por moitos relación de Miguel Ángel Blanco con Galicia. Reconstruímos o secuestro e asasinato de Miguel Ángel na voz dos seus pais, familiares galegos, xornalistas e políticos da Merca e Xunqueira de Espadanedo. A continuación facemos un repaso das enormes manifestacións en contra de ETA que se deron en Galicia igual que en todo o Estado, onde analizamos a idea de que a morte de Miguel Ángel é o principio da fin da ETA. Reseñamos tamén o profundo vencello de Miguel Ángel con Galicia, dado que era un namorado desta terra, para despois poñer a mirada sobre quen son e como viven no cárcere os seus verdugos. Por último reconstruímos o traslado en secreto dos restos mortais de Miguel Ángel a Galicia así como as opinións que suscitan as inauguracións dos diversos monumentos erixidos na súa honra.

ESTRUTURA DO PGM

- PRECABECEIRA
- CABECEIRA
- INTRO

I “A fin da esperanza”

Narramos cronoloxicamente o secuestro e asasinato de MAB.

como foi a reacción desde A Merca, Xunqueira, Galicia en xeral, desde un punto de vista máis humano

II “Galegos contra ETA”

- No que se narran as reaccións da xente en Galicia ao coñecerse a noticia do asasinato. Aquí fariamos un repaso a todas as manifestacións galegas contra ETA daqueles días.
- A Nivel global mencionariamos a violencia desatada contra as Herriko tabernas e apoiariamos coas imaxes das reaccións galegas (xente increpando a etarras no cárcere de Pereiro de Aguiar.)

III “A vítima 816”

- No que se fai unha semblanza de MAB, centrándonos nos seus veráns en Galicia, aquí o tío Manuel, de Faramontaos, a curmá Mercedes e os seus pais terían todo o protagonismo

IV “Os verdugos de Miguel Ángel”

No que se fai un breve repaso sobre a detención e o xuízo a Txapote e Amaia.

Importantes as reaccións dos familiares en torno aos arrumacose risas dos etarras durante o xuízo.

Neste punto poderíamos introducir un elemento de investigación, como é contar as estrañas circunstancias que arrodearon o suposto suicidio de Geresta (Oker)

V “Miguel Ángel volve a casa”

- Centrémonos aquí en que pasou despois de toda a tormenta? Miguel Ángel por fin descansa en paz? Contaríamos as noticias producidas ata o 2009, como son:

2007

-Dous tíos de Miguel Ángel encárganse de trasladar en secreto os seus restos de Ermua a Faramontaos

-A nai doa instrumentos musicais ao Concello da Merca para o futuro Parque da Paz. En torno a isto xerouse unha pequena polémica, dada a cantidade de monumentos e homenaxes que se lle facían a Miguel Ángel

2008

-A familia de MAB doa un terreo en A Merca para a construción do Parque da Paz

Miguel Ángel Blanco – Entrevistados:

Aurelio Garrido: tío de Miguel Ángel

Merche Garrido: prima de Miguel Ángel

Consuelo Garrido: nai de Miguel Ángel

Miguel Blanco: pai de Miguel Ángel

Manuel Fraga Carou: estaba na Radio Galega cubrindo a noticia.

Alberto Rivero: xornalista da Radio Galega.

Luís Rial: xornalista da Radio Gaelga.

Jesus García: xornalista de La Voz de Galicia.

Maite Rodríguez: xornalista de La Voz de Galicia

María Antonia Iglesias: xornalista, escribiu un libro sobre o conflito basco.

Victoria Prego: xornalista de El Mundo.

Manuel Vazquez Outeiriño: alcalde de A Merca no 97, do PP. Participou no encerro.

Xosé Seara: Concellal do BNG no 97.

Jorge García Marín: sociólogo.